



142 984

Xefe do Servizo de Montes e
Industrias Forestais

Por medio do presente comunícolle que o xurado provincial de montes veciñais en man común da Coruña, na súa reunión do día 18 de xullo de 2006, adoptou a seguinte resolución:

“ASISTENTES

PRESIDENTE

Delegada Provincial da Consellería de Medio Rural
D^a Olga M^a Garcia Agra

VOGAIS

Xefe do Servizo de Montes e I.F.
D. José L. Martell Muñoz-Cobos

Representante do Il. Colexio de Avogados
D. Juan Ramón Beneyto Bellas

Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia
D. Alfonso Vázquez – Castro Garma

Representante das Comunidades propietarias de montes clasificados da Provincia
D. José Manuel Caramés Franco

Vogais representantes do lugar de Pazos, parroquia de Iria-Flavia, Concello de Padrón
D. José Manuel Otero Lamas
D. Manuel Rioboo Rial

SECRETARIA

Xefa Servizo Xurídico Administrativo da Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural
D^a J. Amalia Lorenzo Penela

Na cidade da coruña sendo o día 18 de xullo de 2006, coa asistencia das persoas reseñadas ó marxe, reúnese no 3º andar do edificio administrativo Monelos o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de estudar e resolver o seguinte expediente:



Expediente: N° 390
Monte: Baiuca, Outeiriño, Cubeliño e Parada
Comunidade: Pazos
Parroquia : Iria-Flavia
Concello: Padrón

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º.- D. José Otero Lamas, como presidente da comunidade de montes veciñais en man común do monte Baiuca, Outeiriño, Cubeliño e Parada, solicitou con data de rexistro de entrada de 5 de xaneiro de 2005, a súa declaración como veciñal do lugar de Pazos, e que ten as seguintes características:

Superficie : 6,83 Ha

Lindeiros :

PARCELA 1º.-Monte da Baiuca

Cabida: 3,25 ha

Estremas:

Norte: Valado de blocos, seguindo a orde consecutiva dos vértices 1 ao 4 do documento 9 do expediente.

Leste: Valado de blocos, do vértice 4 ao 6 do documento 9, e deste último a un punto situado entre este e o vértice 7 do dito documento, na veira esquerda da estrada Pazos-Lampai (este punto quitase de prolongar a liña que une os vértices 2 e 1 do documento 10 deica a intersección coa dita veira esquerda desa estrada); deste último punto ao vértice 1 (cruzando a estrada Pazos- Lampai, e deste ao vértice 5 seguindo a orde consecutiva, no documento 10; e deste segue ata a liña que une dos vértice 1 ao 9 do documento 11 seguindo a orde consecutiva.

Sur: Do vértice 9 ao 11 do documento.

Oeste: Do vértice 11 do documento 11 ao vértice 1 seguindo a orde consecutiva; dese último ao vértice 5 do documento 10, seguindo ata o vértice 9 do mesmo documento segundo a orde consecutiva; dese último ao vértice 7 do documento 9 (cruzando a estrada Pazos-Lampai) e deste segue segundo a orde consecutiva ata o vértice 8 e deste ao vértice 1 ámbolos dous do documento 9, pechando a poligonal.

PARCELA II: Outeiriño e Cubeliño.

Cabida: 3,26 ha.

Estremas:

Norte: Valado de pedra e chantos estremeiros con propiedades particulares, seguindo a orde consecutiva dos vértices 16 ao 1 do documento 12 do expediente.

Leste: do vértice 1 ao 3 do documento 12, seguindo a orde consecutiva dos vértices.



Sur: Valado, indo do vértice 3 ao 7 do documento 12, seguindo a orde consecutiva dos vértices.

Oeste: do vértice 7 do documento 12 (que cadra co 5 do documento 13) ao vértice 6 do documento 13, deste ao 1, e deste último ao 3, seguindo a orde consecutiva dos vértices, todos estes do documento 13 (o vértice 3 do documento 13 cadra co 9 do documento 12); dese último ao vértice 16 do documento 12, seguindo a orde consecutiva dos vértices, e pechando así a poligonal desta parcela.

PARCELA III: Parada

Cabida: 0,32 ha.

Estremas

Norte: Valado de Pedra, dos vértices 1 ao 2 do documento 14 do expediente.

Leste: Camiño público, definido pola liña que vai do vértice 2 ao 4 do documento 14, seguindo a orde consecutiva dos vértices.

Sur: Do vértice 4 ao 5 do documento 14

Oeste: Camiño público e valado de pedra, indo do vértice 5 ao 1 do documento 14, seguindo a orde consecutiva dos vértices, e pechando así a poligonal desta parcela.

2º.- O promovente fundamenta a súa petición ante o xurado achegando planos das parcelas solicitadas con indicación de lindeiros e coordenadas UTM.

3º.- Á vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión de data 14 de marzo de 2005, acordou iniciar o oportuno expediente nomeando como instructor del, a D. Juan Ramón Beneyto Bellas, quen aceptou expresamente o cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, e librouse mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da propiedade de Padrón, téndose oído a todas as persoas, organismos e corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ó Sr. Alcalde-presidente do Concello de Padrón, ó xefe do servizo de Montes e Industrias Forestais e publicándose edictos no Diario Oficial de Galicia (nº 95 de 19 de maio de 2005), e taboleiro de anuncios do Concello.

4º.- Con data 21 de xuño de 2005 (R/E 2005/278) o concello de Padrón presenta escrito de alegacións no que manifesta a súa oposición á clasificación, por tratarse de montes de dominio público; así o monte Baiuca é de dominio público segundo resulta dos títulos de concentración parcelaria da zona da esclavitude e os montes Outeiriño, Cubeliño e Parada son de dominio público segundo o Inventario de bens e dereitos municipais. Presenta documentación.

5º.- Con data 23 de xuño de 2006 o xefe da Area Técnica de Montes Veciñais en man común emite informe sobre o monte. Achega informe de data 18 de maio de 2005 do distrito ambiental IV no que, entre outros extremos, se reflicten actos de disposición só na parcela I, Monte da Baiuca; asimesmo reflictese o estado forestal e que



tradicionalmente veñen realizando os membros da xunta promotora e posibles comuneiros, consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, aproveitamentos, forestais ou non.

6º.- No trámite de audiencia, realizado o 18 de xullo de 2006, os promoventes se ratifican na súa solicitude de clasificación, mentres que o Concello de Padrón se ratifica na súa oposición á mesma.

Asimesmo se comprobou polo xurado que o monte obxecto deste expediente non entrou na concentración parcelaria de esclavitude.

7º.- Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, exixidas principalmente pola lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común (DOG núm. 202, de 20 de outubro) e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro (DOG núm. 186, de 23 de setembro) ámbolos dous da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais disposicións aplicables ó caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º.- O Xurado provincial de montes veciñais en man común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2º.- De conformidade co contido do artigo 11 da citada Lei e 19 de Regulamento, aprobado polo decreto 260/192, do 4 de setembro, os veciños da comunidade de Chacín son parte lexítima para solicitar a iniciación do presente expediente de cualificación.

3º.- Para a súa cualificación como veciñal en man común, o monte debe reunir as seguintes características: 1) pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Que se veña aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros da cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (Art. 1,2,3 da Lei 13/89 e 1,2,3 do regulamento do 4 de setembro de 1992)

4º.- Das actuacións obrantes no expediente e en especial dos informes do Xefe da Área Técnica de montes veciñais en man común de data 23 de xuño de 2006, e do distrito ambiental IV- Barbanza, de data 18 de maio de 2005, anteriormente referidos, dedúcese que no presente caso nos atopamos cun monte pertencente á Comunidade veciñal de



Pazos, da parroquia de Iria Flavia, do concello de Padrón, no que se cumpren os requisitos anteditos.

Por iso, este xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, a proposta do instructor e por unanimidade dos asistentes,

ACORDA calificar como monte veciñal en man común da comunidade veciñal de Pazos, da parroquia de Iria Flavia, do concello de Padrón, o monte denominado Baiuca, Outeiriño, Cubeliño, e Parada, cos lindeiros, superficie e características que figuran no primeiro antecedente de feito.

Asimesmo, acórdase excluír-lo declarado do inventario de bens do Concello e do Catálogo dos de utilidade pública, se neles estivera inscrito, incluíndoo no rexistro de Montes veciñais en man común que figura na Delegación desta Consellería de Medio Rural.


Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderáse interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. “

A Coruña, 8 de setembro de 2006

A presidenta do Xurado



Olga M^a García Agra



Cuadro de Superficies en ha

Parcela	Total	Enclavados	MVMC
Baiuca	3,25	0,00	3,25
Outeiriño e Cubeliño	3,26	0,00	3,26
Parada	0,32	0,00	0,32
Cabida Total MVMC	6,83	0,00	6,83

BAIUCA, OUTEIRIÑO




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 DELEGACIÓN PROVINCIAL DA
 CORUÑA
 SERVICIO DE MONTES
 E INDUSTRIAS FORESTAIS
 SUPERFICIE MONTE VECIÑAL (ha)
 Baiuca: 3,25
 Outeiriño e Cubeliño: 3,26
 Parada: 0,32
 MONTE VECIÑAL: 6,83

MVMC "PAZOS"		Nº EXPEDIENTE 390
DA PARROQUIA DE IRIA FLAVIA		
CONCELLO: PADRÓN		Xefe da Área Técnica de MVMC
ESCALA 1:5.000	DATA MAIO 2007	Asdo: Inacio López da Osa Ximénez